



**NOTA ACLARATORIA DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN
ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS**

**SOBRE A INCORPORACION DE FONDOS DE FINANCIAMENTO Á GRUPOS DE
INVESTIGACIÓN DA UDC**

A novidade do financiamento plurianual aos grupos de investigación da UDC foi introducida no Orzamento 2012 e no Plano Operativo Anual 2012 aprobados polo Consello Social o 26.04.2012, o que supón que este financiamento pode ser incorporado aos dous exercicios seguintes ao da súa concesión.

Este feito inspirou o punto 6 da base 12ª do orzamento de 2012: "O crédito denominado **Fondos de financiamento a grupos de investigación** (649.10) poderá ser incorporado para o período plurianual que se determine na súa concesión." Esta base foi reflectida de xeito idéntico no orzamento de 2013.

Sen embargo o financiamento aos grupos de investigación, a pesar de facerse de xeito inicial dende o concepto 649.10, se transfire posteriormente ao concepto 649.00, propio dos grupos de investigación, polo que a literalidade da base 12ª resulta ineficaz para o seu cometido.

En base ao anterior, cómpre aclarar que o que establece o punto 6 da base 12ª dos orzamentos de 2012 e 2013 debe interpretarse no sentido de que os fondos **procedentes** da aplicación orzamentaria "Fondos de financiamento a grupos de investigación" (649.10) poden ser incorporados para o período plurianual que se determine na súa concesión.

A Coruña, 4 de novembro de 2013

A vicerreitora,

Amalia Blanco Louro